

## PUBLICACIÓN DOS MODELOS DE EXAME DA PAU 2025

O curso que comeza nuns días trae cambios que afectarán á proba de acceso á universidade. Non se trata só dun cambio de nome, pois a ABAU da paso á PAU. Logo de 5 anos con modelos de exame COVID, cunha alta optatividade, e anteriormente con exames de opcións A e B, pásase agora a unha **proba de preguntas de resposta obrigatoria**. O cambio non é só formal, pois se pretende substituír a avaliación de contidos memorísticos pola **avaliación de competencias**.

No Real Decreto 534/2022 están detalladas as características dos exames da nova proba:

*Os exercicios terán un **deseño competencial** que permita comprobar o grao de consecución das competencias específicas das materias...*

*Os exercicios requirirán do alumnado a **creatividade** e capacidade de **espírito crítico**, de **reflexión** e de **madurez** para resolver por escrito unha serie de cuestións ou tarefas adecuadas ás competencias específicas avaliadas...*

A CiUG impulsou no mes de maio unha reunión de diversos distritos universitarios para avanzar no deseño destes exercicios. Acordouse unha **estrutura común de todos os exames, con 4 preguntas obrigatorias**: a primeira máis competencial e de resposta única, e as restantes con posibilidade de elección entre apartados.

A Consellería de Educación e a Comisión Interuniversitaria estiveron a traballar todo o verán na elaboración dunha serie de **modelos de exame**, xa colgados na páxina web da CIUG, que se irá completando en vindeiros días, ata dispor de modelos de todas as materias, de xeito que o profesorado e o alumnado de Bacharelato teñan información suficiente para abordar con garantías este curso diferencial.